ADDENDA POLA QUE SE MODIFICA O CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO MARCO DO PROXECTO PAISACTIVO - PAISAXES CORTALUME: ACTIVACIÓN DO ESPAZO RURAL PARA UN TERRITORIO RESILIENTE

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María Paz Rodríguez Rivera, directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 132/2024, do 20 de maio, (DOG nº 97 de 21 de maio de 2024) actuando en virtude do seu expresado cargo, e no exercicio das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección, do 27 de maio de 2026 (*DOG* núm. 112, do 17 de xuño).

Doutra parte José Luis Suárez Martínez, como alcalde do Concello de Monterrei, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administracion local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro. O 18.09.2025 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Monterrei asinaron un convenio para a realización de actuacións no marco do proxecto Paisactivo - Paisaxe cortalume: activación do espazo rural para un territorio resiliente.

As intervencións previstas a realizar no concello de Monterrei, recollidas no plan de actuación no borrador do Proxecto Territorial Modelo (PTM) para a zona piloto: área da aldea de Infesta en Monterrei (E.3.3do proxecto), son as seguintes:

1. Restauración e mellora paisaxística.
   As actuacións propostas son:
   - Mellora de camiño paralelo a río Rubín
2. Intervencións para a habilitación e mellora da multifuncionalidade de espazos públicos.

   As actuacións propostas son:

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: D7FLhA4PsR20 https://sede.xunta.gal/cve

- Construción de dúas pontes sobre o río Albarellos
- Mellora de firme/pavimentación de vía principal e praza do Campo
- Humanización e acondicionamento da marxe do río Rubín

3. Rehabilitación e renovación urbana da aldea de Infesta.
   As actuacións propostas son:
   - Soterramento de liña eléctrica aérea de alumeado público
   - Rehabilitación e humanización na praza da Fonte

Segundo. A cláusula terceira do convenio asinado o 18.09.2025 establece que é obriga da Axencia realizar as intervencións previstas na cláusula segunda con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, a tramitación e a dirección. Así mesmo, esta cláusula dispón que a execución das obras realizarase baixo o réxime de cooperación previsto no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperacións coas corporacións locais ou outros entes de dereito público

Terceiro. A cláusula quinta do citado convenio sinala que "*Unha vez recepcionadas as obras pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta deberá poñelo en coñecemento do concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega unha vez finalizado o período de cinco anos establecido no artigo 65 de Regulamento (UE) 2021/1060*"

Cuarto. O 30.09.2026 o Concello de Monterrei emitiu un certificado no que fai constar que os espazos e infraestruturas obxecto das mencionadas intervencións son de titularidade municipal e están destinadas ao uso e servizo público, estando a disposición da cidadanía para o seu uso público unha vez executadas as actuacións incluídas no proxecto PAISACTIVO

Quinto. O artigo 4º do Decreto 246/1992 dispón que unha vez recepcionadas as obras pola Administración autonómica, esta porao en coñecemento da entidade que asinou o acordo, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga de explotación, mantemento e conservación das obras, sen prexuízo da ulterior formalización da correspondente acta de entrega.

A totalidade das actuacións executadas no marco do proxecto 0098_PAISACTIVO_1_E realízanse sobre bens de dominio público de titularidade municipal (vías, prazas e camiños do Concello de Monterrei). En consecuencia, non é necesario retrasar a acta de entrega os cinco anos previstos na cláusula quinta, xa que non se produce ningún cambio de titularidade. Por este motivo, é necesario modificar o parágrafo segundo da cláusula quinta do convenio e eliminar a referencia ao período de cinco anos que deben transcorrer antes de formalizar a acta de entrega.

Tendo en conta o anterior, ambas partes acordan asinar esta addenda que ten por obxecto modificar o convenio asinado o 18.09.2025 nos seguintes termos:

Primeiro. Modificar o parágrafo segundo da cláusula quinta, que queda redactado como segue:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: D7FLhA4PsR20 https://sede.xunta.gal/cve

"Unha vez recepcionadas as obras pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta deberá poñelo en coñecemento do concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega".

Segundo. Introducir un punto 3 na cláusula cuarta do convenio

"3. Mantemento da finalidade, destino, uso público e durabilidade da operación

- A modificación introducida coa addenda non altera a finalidade nin o destino das actuacións executadas no marco de PAISACTIVO nin dos obxectivos asociados ao Proxecto Territorial Modelo de Infesta. As infraestruturas manterán o seu carácter e uso público, conforme á súa finalidade aprobada.

- O Concello de Monterrei asumirá as obrigas de conservación e mantemento necesarias para garantir a súa funcionalidade durante todo o período de durabilidade aplicable, mantendo igualmente o cumprimento das condicións e obrigas derivadas da financiación FEDER/POCTEP.

- Non se poderá producir un cambio substancial do destino ou utilización das infraestruturas que menoscabe os obxectivos da operación. Calquera transmisión, gravame ou modificación substancial posterior quedará sometida, no seu caso, ás autorizacións ou comunicacións esixibles conforme á normativa aplicable e ás regras do POCTEP.

- O Concello de Monterrei facilitará a Agader e ás autoridades de xestión, control e auditoría a información e documentación necesaria para comprobar o mantemento das condicións da operación e o cumprimento das obrigas asociadas á súa financiación.

- De acordo coas regras aplicables ao POCTEP, calquera posterior transmisión, gravame ou modificación substancial quedará sometida, no seu caso, ás autorizacións ou comunicacións exixibles conforme á normativa europea e ás regras do POCTEP".

E en proba de conformidade, asínase esta addenda

Mª Paz Rodríguez Rivera

(P.D. Acordo do Consello de Dirección do 27.05.2026)
Directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

José Luis Suárez Martínez

Alcalde de Monterrei

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Data e hora: 21/10/2026 14:20:09

Asinado por: SUAREZ MARTINEZ, JOSE LUIS
Cargo: Alcalde (Concello de Monterrei)
Data e hora: 21/10/2026 14:11:56

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: D7FLhA4PsR20 https://sede.xunta.gal/cve